



CONCELLO DE  
SANTIAGO

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 27 DE DECEMBRO DE 2012

### LICENZAS

#### EDIFICACIÓN

LIC/2639/2010.- RAMON LUGO CODESIDO.- Construcción de vivenda unifamiliar illada na rúa de San Lázaro.

#### OUTRAS OBRAS.-

LIC/1784/2011.- DISEÑO EN CERRAMIENTO DE CALIDAD.- Rehabilitación de edificación na Costa Nova de Abaixo, 52.

#### DEVOLUCIÓN DE FIANZA

LIC/1993/2012.- ALVARO NOYA PENA ..... LIC/1798/2007 ..... 1.500 €.-

LIC/1995/2012.- JESUS VARELA BOADO ..... LIC/2398/2008 ..... 1.200 €.-

LIC/1982/2012.- SANDRA CAMINO FERNANDEZ..... LIC/8/2009 ..... 1.500 €.-

LIC/1984/2012.- MARCOS NOYA REY..... LIC/1557/2010 ..... 1.500 €.-

LIC/1991/2012.- MARIA JOSE ALDREY GIADAS..... LIC/193/2011 ..... 600 €.-

4.- Acordo relativo ao escrito presentado polo xefe do departamento de Educación e nomeamento dun novo membro da Mesa de contratación no expediente do servizo de limpeza, conserxería e control das instalacións dos centros públicos de educación infantil e primaria (CEIP) dependentes do Concello.

Apróbase a proposta.

5.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Comercio, Turismo e Mercados relativa á aprobación dunha operación de tesourería para a Sociedade INCOLSA.

Apróbase a devandita operación, por un importe de 439.000 euros, con vencemento o 31 de decembro de 2013.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Tráfico relativa á modificación do nomeamento do director do contrato de prestación do servizo de mantemento, conservación e nova instalación de sinalización.

Apróbase a proposta.

7.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á resolución do Recurso de Reposición interposto por FINANCIERA MADERERA S.A. contra o acordo de Aprobación definitiva do Proxecto de reparcelación do Parque empresarial da Sionlla.

Rexéitase o devandito recurso.

8.- Proposta da concelleira delegada de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego para dar conta do gasto total investido na implementación do programa municipal de Intervención Sociocomunitaria mediante o contrato co Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector (IGAXES3).

Dáse conta do devandito gasto, por 28.454 euros, 5.274,40 euros menos que o inicialmente previsto, 33.728,40 euros.

9.- Dar conta dun ingreso en favor do Concello de Santiago de Compostela por parte do Grupo de Ciudades Patrimonio de la Humanidad en cumprimento do Convenio de colaboración para a financiación do VI "Encuentro de Gestores del Patrimonio Mundial".

Dáse conta do devandito ingreso, por importe de 45.000 euros.

## URXENCIAS

- 1.- Desestímase unha alegación presentada contra o acordo de aprobación das tarifas de auto-taxi para o ano 2013.
- 2.- Apróbase a prórroga do protocolo de adhesión do Concello de Santiago á Rede Cemit da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, para a anualidade 2013, e a prórroga do contrato do axente TIC.
- 3.- Adxudícase o contrato de suministro e instalación de cinemómetros-radar no termo municipal de Santiago de Compostela, por un importe de 41.051,75 euros.
- 4.- Adxudícase o contrato de suministro de prendas de confección a medida para o persoal da Policía Local 2012, por importe de 28.000 euros más IVE.
- 5.- Suspéndese o procedemento licitatorio do contrato administrativo especial para a conservación e mantemento do cemiterio municipal de Santiago de Compostela ata dispor do informe relativo a unha alegación presentado ao devandito procedemento.
- 6.- Apróbase a prórroga do contrato do servizo de asesoramento e colaboración na inspección fiscal dos tributos do Concello de Santiago ata o 31 de decembro de 2015.
- 7.- Apróbase a concesión de axudas a rehabilitación de vivendas e locais do casco histórico.
8. Dáse conta modificación do proxecto de gasto do contrato de suministro e instalación de cinemómetros-radar, polo que destinan 10.000 euros procedentes da baixa na adxudicación deste contrato á adquisición de dous alcoholímetros e un detector de drogas.
9. Dáse conta da contribución especial do Consorcio de Seguros Estatal, polo que se devolven ao Concello 237.000 euros, que deberán ser destinados ao servizo de extinción de incendios.